

## SELECCION POETICA (1)

Por MARIA TERESA NAVAZA

Espero que este acto termine moito mellor de como empezou: chegamos á Coruña e tivemos un accidente de tráfico, pero afortunadamente estamos aquí. E ainda que con febre e moita afonia, eu non podía faltar a esta cita por duas cousas. Primeiro, porque é unha invitación da Asociación «Alexandre Bóveda», e ese nome penso que para calquer persoa que se sinta galega —que pense en galego—, ten que dicer moiísimo (e lembro agora que mañá se vai celebrar un acto en Vigo de afirmación da amizade Galiza-Cuba-Nicarágua, e traio a colación este acto porque falarmos de Cuba é falarmos de Martí, o libertador, o cantor da liberdade do pobo cubano, e Alexandre Bóveda é unha das bandeiras do nacionalismo, da liberación deste país); segundo, porque, por suposto, é para falar de Rosalia de Castro. E Rosalia de Castro é unha personaxe penso que ainda non suficientemente estudada ou valorada no que vale, penso que adulterada na sua maior parte, cunha visión moi particular de certas xentes deste país desde hai tempo, que non se corresponde coa realidade. Creo que na conferéncia anterior, que estivo a cargo de Francisco Rodríguez deu-se, en cambio, unha visión magnífica da relación de Rosalia de Castro co socialismo utópico, porque Rosalia era unha grande coñecedora da literatura francesa e unha grande coñecedora de pensadores como Voltaire.

Para mim, Rosalia é, ante todo, unha muller valente, auténtica, real, e non, por suposto, esa Rosalia que ten calificado algun autor de chorona, choromiqueira, etc. Se ser auténtica, real, se protestar e denunciar asinxustícias é ser chorona, a min gostaria-me que todo o pobo da Galiza

---

(1) Os textos están tomados de Rosalia de Castro, *Poesías*, ediciones do Patronato, Vigo, 1982, 3.<sup>a</sup> ed.

fose un pobo chorón... Era unha muller, coido, a quen a realidade social fería fondamente, e sentiu e comprendeu a inxusticia social en que vivia o pobo galego. Era unha muller que tiña unha inmensa honestidade e esta honestidade levou-na a denunciar —unhas veces con ira e outras con amargura— as situacions que a indignaban e que eran moitas. Coido que ela —ainda que eu non son nengunha especialista en Rosalia nen en nada— sentiu-se sempre unha poeta social. Ela laiou-se sempre co pobo anónimo, cos personaxes do pobo anónimo do país galego. O pobo galego viu-se no seu espello e aprendeu nel a sua dignidade.

Rosalia, desde logo, endexamais foi indiferente: indiferente á Galiza nem ás suas xentes. A sua protesta abranxeu moitos campos, penso que, en primeiro lugar —e, para mim, o máis significativo—, naquela época, no seu tempo, é o idioma. E escreber en galego desde logo que é un acto político. Se o é agora, máis tiña que sé-lo naquela época, sendo muller e vivendo onde vivia.

Afirma o escritor Salvador Lorenzana que a sua poesía vai ter unha importancia decisiva no proceso restaurador da nosa cultura e sinala que o movemento cultural galego apontala-se con poderoso argumento. A língua galega, sen necesidade de artificios gramaticais nem disimulacions era expresiva de abondo, porque permitia escreber unha obra de calidade e de alento. Esta muller, que pudo ser a poeta máis grande do século XIX, é, en troques, unha muller praticamente descoñecida para eses monstruosos plans de estudo neste país. Ou noutrous meios. Así, se Martí foi reprimido e Bóveda foi asasinado por ese imperialismo español que pretende unha España unida, amorfa, ideal, sen diferencias..., Rosalia segue a ser ainda unha grande desconocida ou perseguida. Na miña época da rádio, hai moi poucos anos, nun programa informativo moi importante da «Cadena Ser», como nunha espécie de mostreiro, perguntou-se-lles aos correspondentes de Zaragoza e de Sevilla se sabian quen era Rosalia de Castro, e uns compañeiros que son uns grandes profisionais da información dixeron que non sabian quen era Rosalia de Castro. A min isto parece-me abraiente. E creo que os galegos temos moito que facer nesta tarefa de re-descobrir, de valorizar, de dar esa imaxe que sexa real de Rosalia e propagá-la e pedir que sexa analisada, estudada, no Estado Español.

Falaba antes da língua, que a min me semella moi importante, porque supuxo —o emprego do idioma do país por Rosalia— a restauración cultural do noso país. A sua protesta abranxe, por suposto, a miséria do campesinado

galego, a situación da muller galega esmagada e chea de sofrimentos, do desamparo en que se atopa frente á emigración. Eu quero facer alusión a un profesor que ten estudiado moito e ben a Rosalia, o profesor Carballo Calero, quen di que «en escritos da sua mocidade Rosalia cita a George Sand e manifesta un certo feminismo reivindicativo». E en «Lieders», Rosalia afirma: «...porque el patrimonio de la mujer son los grillos de la esclavitud», e no prólogo da sua novela *La hija del mar*: «...porque todavía no les es permitido a las mujeres escribir lo que sienten y lo que saben», e na sua novela *El caballero de las botas azules* di: «...la sociedad que los hombres han hecho a su gusto hasta nos prohíbe pensar». Houbo hai pouco tempo un grupo Feminista que, parangonando os nacionalistas deste país que reivindicaron con esta frase: «Castelao é noso» o grande patriota galego, taparon cun lenzo unha imaxe de Rosalia que hai en Santiago e dixerón: «Rosalia é nosa, frente ás manipulacións a que está sometida». Creo que é hora tamén de que reivindiquemos á Rosalia feminista, incluso radical, se temos en conta a época e a situación na que vivia, a sociedade que a rodeaba.

Rosalia protesta ante a miseria, a fame e a inxusticia dunha sociedade de clases que fai que o galego abandone a sua terra ante un destino descoñecido e, a maioria das veces, nefasto.

Rosalia, escrebendo en galego e falando dos problemas da Galiza, non deixa de ter unha traxectoria totalmente universal, e de sentir-se a persoa que reflexa os problemas da xente marxinal do mundo inteiro, e ela fala dos mendigos de todo o mundo, dos orfos e dos desamparados. Supoño que se agora mesmo Rosalia vivese, tería xa, sen sair deste país, tema de abondo para escreber e denunciar o problema do idioma, o problema do traballo, con duas zonas da Galiza tan conflitivas, tan tristemente e indignamente tratadas como son Ferrol e Vigo. E, mesmo, ante a sua sinceridade, Rosalia fala das súas dúbidas relixiosas e incluso interpela a xusticia divina no seu afán de que exista unha mellor e más xusta distribución da riqueza entre os homes e de que estes sexan felices.

Eu reivindicaría até unha Rosalia ecoloxista, e penso que esa sería unha tarefa para, por exemplo, os componentes de ADEGA e da Sociedade Galega de História Natural, que se preocupan pola fauna e a flora deste país, que está a desaparecer, que está tan maltratada.

Realmente, Rosalia é unha precursora na Galiza da defensa de moitos direitos. E, logo, Rosalia, con todos os

seus problemas físicos, psíquicos, de dor ante a situación que a rodeaba, era unha muller alegre. En moitos dos poemas que ela escrebe hai realmente música, alegria. Era unha muller con moita ironía, e unha muller, repito, cun grande sentido musical, como demostra Miguel Lustres nun artigo publicado no número especial dedicado a Rosalia por *A Nosa Terra*. Hai moitos poemas que son música, que son folk'ore (sen sentido pexorativo nengun). E Rosalia, sobre todo, tiña amor. Amor aos homes e muleres do mundo, e, por suposto, una amor infinito a este país.

Un aspecto que me tiña esquecido de Rosalia é que era tan intelixente, tan avanzada para a sua época, que mesmo criticaba aos periodistas, aos xornalistas, á xente que traballaba nos meios de comunicación. E dicía que éramos todos uns engreídos, que criamos saber moito e non sabiamos praticamente nada de case nada. E traio a colación o tema, porque supoño que non somos kamikazes e que non imos ir de herois pola vida e que temos que viver, pero o triste é que ás veces para facer iso se deforme a realidade e se cámbie e non se é obxectivo e, por veces, tamén se pode pecar por omisión. As veces é preferíbel calar. Por iso dicía eu que era tan intelixente e tan avanzada para o seu tempo cando criticaba a xente que traballaba nos meios de comunicación...

Xa me teñen seleccionado aqui uns poemas para eu ler, mais a min, antes, gostaria-me, se resistides un pouco, porque entre eles teño vários de *Cantares Gallegos*, lembrar que os *Cantares...* son algo tan popular que moita xente chegou a pensar que moitos dos poemas eran anónimos, inteiramente de tradición popular, sen invención literaria nengunha, como se os recollera do pobo e os transcrebera sen máis ao papel. E ela, coincidindo co que dicía Ana António, cando falaba do seu feminismo, ela admiraba a Fernán Caballero e a George Sand e fala de como, se cadra, para poderen escreber e viveren sen tantas presións como ela chegou a ter, determinaran pór-se nomes masculinos para poderen resistir e soportar menos críticas das que ela tivo que soportar.

E vou xa dar leitura a este poemas, para rematar co impresionante «Negra sombra», que o poeta Miguel Anxo Fernán-Vello quer aproveitar para iniciar a sua intervención.